



Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 9 de decembro de 2013 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a cobertura dunha praza, mediante promoción interna, do Corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

Convocado mediante Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 1 de agosto de 2013 (DOG nº 155, do 14 de agosto de 2013) o proceso selectivo para a cobertura, mediante promoción interna, dunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, ao tenor do establecido na base quinta da convocatoria, esta Presidencia

RESOLVE:

Designar aos membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo, que serán os seguintes:

Tribunal titular

Presidente: D. Javier Suárez García, avogado do Estado.

Vogais:

- D. Juan Carlos Caride Puente, letrado do Parlamento de Galicia
- D^a. Teresa Carballeira Rivera, profesora de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.
- D^a. Isabel Olmos Pares, maxistrada do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Secretario: D. Xermán García Cancela, xefe do Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Tribunal Suplente

Presidente: D. José Luis de la Torre Nieto, avogado do Estado

Vogais:

- D^a. Beatriz Seoane Ares, funcionaria do Corpo Superior da Xunta de Galicia.
- D. Luis Míguez Macho, profesor de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.
- D^a. Dolores Rivera Frade, maxistrada do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Secretaria: D^a. Cristina Rubal González. funcionaria do Corpo Superior da Xunta de Galicia.



Segundo o disposto na base quinta da convocatoria, o tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario, limitándose estes asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, circunstancia que deberá ser comunicada a esta Presidencia.

Os membros do tribunal deberán absterse ou poderán ser recusados cando concorran algunha das circunstancias previstas na base 5.2 da convocatoria.

Santiago de Compostela a 9 de decembro de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta